

✓ **PREZOS:**

- Psicólogos/as colexiados/as e estudantes de último curso de Grao de Psicoloxía: 100 €
- Psicólogos/as colexiados/as desempregados/as: 50 €

✓ **INSCRICIÓN:**

Directamente nos locais do Colexio ou ben remitindo copia da transferencia bancaria a nome do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, conta corrente IBAN ES64 2080 0316 23 3040008164 de ABANCA.

Na admisión terán preferencia os psicólogos e psicólogas colexiadas, primando a participación no anterior curso de “**INTERVENCIÓN PSICOLÓXICA EN CATÁSTROFES E EMERXENCIAS**”, respectándose rigorosamente a orde de entrada, para o que se terá en conta tanto a data de rexistro de entrada das solicitudes enviadas por correo ordinario, fax, correo electrónico ou entregadas persoalmente na sede do Colexio no momento de recibilas, como a data de certificación de Correos no momento de envalas cando se empregue ese medio.

**Ao día seguinte de rematar o prazo de inscrición comunicarse por e-mail a admisión ou non admisión.**

Ao finalizar o curso enviarase o correspondente certificado de asistencia, para o que será necesario ter asistido ao 80% das sesións.

Non se poderá anular a inscrición nin se devolverá o importe da matrícula fóra do prazo sinalado para a inscrición.

Deberase estar ao corrente no pago das cotas colexiais. Para as tarifas de demandante de emprego, axuntarase **informe de situación administrativa actual ou informe demandante de emprego**, asinado polo responsable da oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia con data actual e a tarxeta de demandante de emprego. Os e as estudantes de 4º de Grado de Psicoloxía terán que presentar copia da matrícula.

Último día de inscrición: **10 de setembro de 2019**

## Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)

### **CURSO DE COMUNICACIÓN DE MALAS NOVAS EN EMERXENCIAS E CATÁSTROFES E PROCESO DO DÓ** 20,21, 27 e 28 de setembro de 2019

#### **Docentes:**

**Concepción López Martín, G-2981.** Psicóloga experta en psicoloxía de emerxencias e psicóloga habilitada para o exercicio de actividades sanitarias pola Consellería de Sanidade. Terapeuta familiar e colaboradora docente en Loft Espazo Clínico. Membro do GIPCE desde o 2004 e da Comisión Coordinadora do GIPCE desde maio de 2008.

**Julita M<sup>a</sup> Touriño Araújo, G-1981.** Psicóloga experta en psicoloxía de emerxencias e habilitada para o exercicio da actividade sanitaria. A súa actividade profesional desenvólvese no ámbito privado no seu despacho profesional en Pontevedra. É membro do GIPCE desde 2008 e da Comisión Coordinadora do GIPCE desde abril de 2014.

#### **Coordinadora**

**Concepción López Martín, G-2981**  
**Julita M<sup>a</sup> Touriño Araújo, G-1981.**

*Actividade recoñecida de interese sanitario pola Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia con número de expediente SA301A 2019/22-1*

## ✓ DIRIXIDO A:

Psicólogas e psicólogos colexiados e estudantes de último curso de Grao en psicoloxía.

## ✓ OBXECTIVOS:

Adquirir coñecementos, técnicas e habilidades necesarias para o desempeño da función e tarefas neste ámbito de actuación.

## ✓ METODOLOXÍA:

Seguirase unha metodoloxía teórico-práctica, con dinámicas e traballo en grupo, *role-playing* sobre casos prácticos.

## ✓ PRAZAS:

40 prazas.

## ✓ HORARIOS:

Venres 20 e 27 de setembro: De 17:00 a 21:00 horas.  
Sábados, 21 e 28 de setembro: De 10:00 a 14:00 horas  
e de 16:00 a 20:00 horas.

## ✓ LUGAR:

Aula 10 da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela

## ✓ PROGRAMA:

### 1. COMUNICACIÓN DE MALAS NOVAS

1. Que son as malas novas: repercusión no proceso do dó, valoración de riscos psicolóxicos en persoas afectadas, reaccións habituais.
2. Actitudes e habilidades do ou da profesional: que facer e que non facer.
3. Protocolos de comunicación: contextualización e metodoloxía básica. Comunicación presencial e telefónica.
4. Comunicación da mala nova en situacións especiais: suicidios, desaparicións, accidentes con vítimas múltiples, mortes violentas...

### 2. O DÓ

1. Conceptualización e evolución do concepto de dó.
2. Reaccións habituais.
3. Obxectivos e principios na intervención de dó.
4. Modelo de fases e modelo de tarefas.
5. Tipos de dó.
6. Moduladores do dó: factores de risco e de protección.
7. Dó en menores e adolecentes.
8. O dó en circunstancias especiais: suicidio, desaparicións, mortes violentas, mortes múltiples, morte dun fillo ou filla ou de menores.
9. A intervención en emerxencias e o proceso de dó.